

Cartas de Liberdade

A noite sempre fora algo temido por Lúa. A escuridade era aterradora, e o silencio, abrumador. Aínda así, era o momento no que o seu cerebro traballaba á máxima potencia. Imaxinaba historias de seres mitolóxicos, aventuras por lugares exóticos e descoñecidos, mesmo inventaba poemas e escribía cancións. En poucas palabras, pouco durmía naquelas longas e frías noites de inverno.

O seu momento preferido do día era cando o seu irmán volvía da escola. Contáballe todo o que os mestres lle ensinaban, e explicáballe as leccións coidadosamente.

Con todo, a Lúa parecíalle inxusto que Xoán fose á escola en lugar dela, pois sempre demostrara ser moito máis intelixente ca o seu irmán menor. Tres anos antes, Lúa tivera que deixar a escola para axudar no fogar, pois os seus pais non tiñan cartos suficientes para continuar coa educación de dous fillos. Dende entón, Xoán ía actualizando a Lúa co seu progreso educativo, para non quedar atrás, e poder seguir soñando con ser médica algún día. Isto último Xoán xa asumira fai un tempo que non se ía cumprir. Nesta época, e coa educación inestable que tiña a súa irmá, o seu único destino sería casar. Aínda así, seguí coas clases particulares a Lúa.

Pero a rapaza seguía tendo esperanza.

Sabía ben que as posibilidades de ser algo máis que unha esposa eran moi limitadas, pero ela soñaba con ser algo máis. Soñaba cun mundo xusto e igual para homes e mulleres, no que ambos puideran vivir unha vida digna e libre. Soñaba con mulleres periodistas, avogadas, gardas civís, médicas, escritoras, políticas,...

Fantaseaba con mulleres poderosas, que alzaba a súa voz, e que imaxinaban un mundo mellor coma ela. Mulleres listas e libres, que pensaban por sí mesmas, que viaxaban, rían, soñaban...

Todo iso era o que quería ser ela.

Quería empoderer a mulleres e nenas, forxar un mundo mellor con elas. Pero, claro, era máis fácil dicilo que facelo.

Á cumbre dos seus quince anos, Lúa pensaba que existía máis mundo do que a sociedade lle invitaba a vivir e explorar.

Foi nese momento cando decidiu escribir unha novela. A escritura e a literatura eran das súas máis grandes paixóns, e sería unha boa maneira de pasar as longas horas que pasaba na casa mentres o seu irmán estaba na escola. Servíralle para anotar todas as ideas e historias que se lle ocurrían.

Decidiu chamar ó libro “Cartas de Liberdade”, que constou de duascenas trinta e sete páxinas unha vez rematado, con trinta anos.

Un ano despois de empezar o libro, volveu á escola, coa procura de alcanzar o seu soño. Pronto se converteu na alumna máis intelixente da clase, e gañou o respecto dos seus mestres e compañeiros.

Só foi ata vinte e catro anos despois, con corenta, que publicou a obra, a primeira de moitas, que escribira durante tanto tempo con agarimo.

Esta obra, xa pública, salvárala en moitos momentos da súa vida, cando tiña máis dúbidas que respostas e o vía todo escuro.

Agora, graduada en Filoloxía galega e nai de tres fillos, o único que desexaba era que a súa obra empoderara a mulleres e nenas e que axudara a crear un mundo máis xusto e mellor.

FIN